



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SECCIÓN FOMENTO

Anuncio

RELACIÓN DE SUBVENCIONES DIRECTAS (NOMINATIVAS E EXCEPCIONAIS) TRAMITADAS POLA PRESIDENCIA (SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO - SECCIÓN DE FOMENTO) DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO NO CUARTO TRIMESTRE DO ANO 2023

En cumprimento do establecido nos artigos 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, 30 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 11 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, dase publicidade ás subvencións directas (nominativas e excepcionais) tramitadas pola Presidencia (Servizo de Contratación e Fomento - Sección de Fomento) da Deputación Provincial de Lugo, no cuarto trimestre do ano 2023:

ÁREA PES (2023 - 2025)	UNIDADE	ENTIDADE BENEFICIARIA	CIF	TIPO SUBV.	OBXECTO / ACTIVIDADE	APLIC. ORZ	IMPORTE SUBV	Nº ANOS	ÓRGANO DE APROBACIÓN
Presidencia	Servizo de Contratación e Fomento - Sección de Fomento	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS CULTURAL E DEPORTIVA "OS CINCO RÍOS"	G27512722	Excepcional	Mercado de oficios	9250.48911	2.000,00 €	1	Presidencia
Presidencia	Servizo de Contratación e Fomento - Sección de Fomento	ASOCIACIÓN CULTURAL VILLAMAR	G27479617	Excepcional	Festa dos callos	9250.48911	2.498,50 €	1	Presidencia
Presidencia	Servizo de Contratación e Fomento - Sección de Fomento	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS O SAN MIGUEL	G27139195	Excepcional	Reparación do tellado e substitución de mobiliario	9250.789	4.890,00 €	1	Presidencia
Presidencia	Servizo de Contratación e Fomento - Sección de Fomento	ASOC VECINAL CULTURAL DEPORTIVA SAN VICENTE DE PENA	G27485804	Excepcional	Instalación eléctrica local comunitario	9250.789	5.909,01 €	1	Presidencia
Presidencia	Servizo de Contratación e Fomento - Sección de Fomento	FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE	G15629629	Excepcional	II Encuentro Estatal do Gobernos Locales y Cooperación Internacional al Desarrollo	9250.48900	6.500,00 €	1	Presidencia
Presidencia	Servizo de Contratación e Fomento - Sección de Fomento	CLUB MONTAÑA TERRAS DE BURON	G06777445	Excepcional	Andaina participativa Terras de Burón	9250.48900	2.000,00 €	1	Presidencia
Presidencia	Servizo de Contratación e Fomento - Sección de Fomento	CONFEDERACIÓN GALEGA DE ASOCIACIÓN VECIÑAIS ROSALÍA DE CASTRO	G36874634	Excepcional	Xornadas de reflexión e debate acerca da despoboación en Galicia	9250.48900	2.000,00 €	1	Presidencia
Presidencia	Servizo de Contratación e Fomento - Sección de Fomento	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "O SALGUEIRIÑO"	G27204833	Excepcional	Xornada de convivencia veciñal "Re-creando tradicións"	9250.48900	2.800,00 €	1	Presidencia
Presidencia	Servizo de Contratación e Fomento - Sección de Fomento	COLEGIO OFICIAL DE MEDICOS DE LUGO	Q2766001H	Excepcional	I Campionato de España de Pádel para Médicos	9250.48900	7.500,00 €	1	Presidencia
Presidencia	Servizo de Contratación e Fomento - Sección de Fomento	GARDA CIVIL, COMANDANCIA DE LUGO	S2727002D	Nominativa	Día do Pilar	9250.48900	2.250,00 (En especie)	1	Presidencia

Lugo, 12 de xaneiro de 2024.- “O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 04-07-2023, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón”

R. 0090

CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

Convócase proceso selectivo de acceso ao emprego público como persoal funcionario INTERINO para cubrir temporalmente UNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO, escala de administración xeral mediante oposición libre, dacordo coas bases que se reseñan a continuación aprobadas por Resolución da Alcaldía de data 12 de xaneiro de 2024. Expediente nº: 42/2024

BASES POLAS QUE SE REGULA O PROCESO ORDINARIO DE SELECCIÓN DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO PARA A COBERTURA TEMPORAL, ATA A COBERTURA DEFINITIVA DA PRAZA, DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO (POSTO ADSCRITO Á UNIDADE ADMINISTRATIVA DE CONTABILIDADE, TESOURERÍA E RECADACIÓN) POR OPOSICIÓN LIBRE.

PRIMEIRA.- NORMAS XERAIS

1.1 Obxecto: Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do proceso ordinario de selección de persoal funcionario **para o acceso con carácter interino a unha praza de auxiliar administrativo**, Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar, Grupo C2, Auxiliar administrativo, posto adscrito á unidade administrativa de contabilidade, tesourería e recadación, **por oposición libre**.

1.2 Finalidade da convocatoria: a necesidade e urxencia de cubrir interinamente unha praza vancante que será incluída na OEP do ano 2024.

1.3 Normas de aplicación:

Este proceso regularanse polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas polo establecido; na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP); na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia; na Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (LEPG); na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do Traballo en Igualdade das Mulleres de Galicia; na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 13 de xuño, o Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, por el que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe ajustarse el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración Local, con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña á Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, e no non previsto nel, no Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables; Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo de persoas con discapacidade e a Orde PRE/1822/2006, de 9 de xuño, pola que se establecen os criterios xerais para adaptación dos tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

1.3. O sistema de selección dos aspirantes será o sistema de oposición libre.

1.4. A titulación esixida para o acceso á praza será a de graduado escolar, graduado en ESO, titulación superior ou equivalente.

1.5. A presente convocatoria e bases publicarase íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na sede electrónica do Concello do Becerreá: <https://concellodebecerrea.sedelectronica.gal>, e no taboleiro de anuncios, sendo a data do anuncio no BOP a que servirá para o cómputo do prazo de presentación de instancias.

O resto das publicacións a que faga referencia a lexislación vixente se publicarán na sede electrónica do Concello de Becerreá.

TERCEIRA.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA, FUNCIONS E INCOMPATIBILIDADES.

3.1.- PRAZA QUE SE CONVOCA

Características da praza: Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar, Grupo C2, Auxiliar administrativo.

3.2.- COMETIDO FUNCIONAL.

Será o sinalado na vixente RPT do Concello de Becerreá ou, si é o caso pola disposición que a substitúa, conforme á titulación esixida baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras que dentro da súa competencia e categoría poidan ser encomendadas polos órganos competentes en calquera dos servizos deste.

En ausencia dos anteriores instrumentos, a persoa ocupante realizará as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoa que exerza superioridade xerárquica dacordo coas necesidades do servizo.

3.3.- INCOMPATIBILIDADES

O aspirante que superando este proceso selectivo, estará sometido ao réxime de incompatibilidades que determinan as disposicións vixentes (Lei 53/84, de 26 de decembro e concordantes).

CUARTA.- CONDICIÓN OU REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES.

Para participar nas probas selectivas, os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican segundo o establecido no artigo 56 do TREBEP e Art. 50 e 52 da LEPG, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes e deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

a) Nacionalidade:

a.1) Ter a nacionalidade española.

a.2) As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.

a.3) As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros de la Unión Europea, sempre que no estean separadas de dereito.

a.4) As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinteún anos ou maiores de dita idade dependentes.

a.5) As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinteún anos ou maiores de dita idade dependentes.

a.6) As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

b) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.

c) Idade: ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Habilitación: non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desenvolvemento de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder á mesma categoría profesional á que pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, no estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos términos anteriores.

e) Titulación: Estar en posesión do graduado escolar, graduado en Ensino Secundario Obrigatorio, titulación superior ou equivalente.

con arreglo á lexislación vixente.

f) Posuir as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desenvolvemento das correspondentes funcións o tarefas.

g) Acreditación do coñecemento da lingua galega no nivel CELGA 3 ou equivalente (curso de iniciación de galego, dacordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega, publicada no DOG nº 146, de 30 de xullo de 2007).

Se non se pode acreditar este requisito, será necesario superar unha proba de lingua galega.

QUINTA.- SOLICITUDES

5.1. A solicitude para tomar parte no procedemento de selección axustarase ao modelo que figura como Anexo I ás presentes Bases.

Presentarase, debidamente cuberta, no Rexistro Xeral do Concello ou a través da súa sede electrónica, no prazo **DE QUINCE (15) DÍAS NATURAIS** contados a partir do seguinte ao da publicación no BOP. Tamén se poderán remitir na forma determinada no artigo 16.4 da LPAC.

5.2 Ás solicitudes achegaranse necesariamente os documentos que a continuación se indican e dacordo coa seguinte orde:

a) Declaración na que manifesten que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na base 4ª, referidos sempre ao día en que remate o prazo de presentación de instancias.

b) Documentación fidedigna que acredite o coñecemento da lingua galega nivel CELGA 3.

c) Aqueles candidatos/as que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33%, que soliciten a adaptación das probas, deberán presentar certificado de discapacidade e o certificado de medidas de adaptación para a realización das probas expedido polo equipo de valoración que corresponda.

Os aspirantes con discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

SEXTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo DE 3 DIAS NATURAIS, declarando aprobada a lista provisoria de admitidos e excluídos. Esta resolución publicarase no Boletín Oficial de Provincia e na sede electrónica, sinalándose un prazo de 3 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no BOP, conforme ao disposto no art. 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en sucesivas citas LPAC), para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Na publicación indicárase o nome e apelidos, e DNI dos aspirantes, con indicación dos que non precisan a realización do exercicio de galego.

Para tal efecto, a estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderanse implícitas na resolución pola que se publique a listaxe definitiva de admitidos e excluídos.

Unha vez transcorrido o devandito prazo, o Alcalde ditará resolución definitiva, contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo de un mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Boletín oficial da Provincia de Lugo, de conformidade co establecido na LPAC, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no Art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación no procedemento.

Os datos persoais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen serán utilizados unicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente legislación. Os candidatos ao asinar a solicitude de participación autorizan o tratamento deste datos para a finalidade indicada.

SÉTIMA. TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Os tribunais estarán constituídos por un número impar de membros, empregados públicos, non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de suplentes, un dos cales actuará coma presidente e outro coma secretario do tribunal. No suposto de ausencia das persoas que desempeñen os postos de presidente e secretario, ben sexan titulares ou suplentes, actuará no seu lugar o primeiro vogal.

O Alcalde nomeará por decreto os membros do tribunal e os seus suplentes e fixará a data da súa constitución, axustándose ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público, que será publicado no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica.

Consonte ao establecido no devandito artigo o Tribunal terá a seguinte composición:

Presidente: un empregado público de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

Secretario: o da Corporación.

Vogais: tres empregados públicos de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

Na designación dos membros do tribunal garantírase a súa composición paritaria entre homes e mulleres, con só unha diferenza de un entrámbolos dous sexos, ó ser a súa composición impar.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na presente base, conforme o artigo 24 da citada lei.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do presidente e do secretario ou dos que legalmente os substitúan.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, levantando de cada sesión acta, que se autorizará, coa sinatura do secretario e co Vº Pº do Presidente.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

Os membros do tribunal así como os asesores ou colaboradores que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orde nas mesmas.

Os seus acordos poderán impugnarse polas persoas con lexitimación nos supostos e nos prazos establecidos na LPACAP.

OITAVA. DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS

Unha vez dictada a resolución declarando aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas e publicada esta, se dictará e publicará a Resolución á que se refire a base sétima na que ademais de indicará a data e hora na que se constituirá o Tribunal e se fixará a data, hora e o lugar de celebración do primeiro exercicio. O chamamento para posteriores exercicios farase mediante a publicación na sede electrónica deste Concello <https://concellodebecerrea.sedelectronica.gal>. Os anuncios da celebración das sucesivas probas faranse públicos do mesmo xeito e con 2 horas polo menos de antelación, ao comezo deste, se se trata de mesmo exercicio ou de vinte e catro horas se se trata dun novo.

Os candidatos deberán acodir provistos do DNI (ou na súa falta, pasaporte ou carnet de conducir) e en calquera momento, o Tribunal poderá requirir aos opositores para que acrediten a súa personalidade.

En tódolos exercicios escritos, garantirase o anonimato dos aspirantes.

A orde de actuación dos aspirantes nas probas que non poidan desenvolverse de xeito simultáneo se iniciará alfabéticamente por aqueles cuxo apelido comece pola letra “W” segundo o establecido na Resolución da Secretaría de Estado da Función Pública de 27 de xullo de 2023.

Os aspirantes serán convocados en chamamento único para cada exercicio, sendo excluídos os que non comparezan.

Concluído cada un dos exercicios de oposición o Tribunal fará públicas na sede electrónica do Concello a relación de aspirantes que alcancen o mínimo establecido para superalo, con indicación da puntuación obtida.

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes, aquel resolverase a favor do aspirante que obtivese a puntuación máis alta no primeiro exercicio da oposición e, se iso non fora suficiente, pola puntuación obtida nos sucesivos exercicios ata que se resolva o mesmo. Se persiste o empate resolverase a chou.

A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

PRIMEIRO EXERCICIO, teórico: desenvolvemento, por escrito, de dous temas a elixir dos catros extraídos ao chou dos que integran o programa, un da parte xeral e outro da parte específica. O tempo máximo para desenvolver o devandito exercicio será de 90 minutos. O exercicio será cualificado de 0 a 10 puntos, e será preciso acadar un mínimo de cinco puntos para superalo. Serán eliminadas aquelas persoas aspirantes que non o obteñan.

Os exercicios serán valorados polo tribunal consonte os seguintes criterios de valoración:

1. Coñecemento técnico das diferentes materias que se preguntan: 5 puntos.
2. Corrección, precisión e emprego con propiedade de términos e expresións usados: 2 puntos.

3. Relación da materia exposta con outros puntos do temario: 1 puntos.
4. Exposición ordeada e sistemática, fluida, coherente e clara: 1 punto.
5. Corrección ortográfica e gramatical: 1 punto.

Os aspirantes serán chamados á lectura pública do seu exercicio na data e hora que se sinale no anuncio de celebración do mesmo.

SEGUNDO EJERCICIO, práctico: resolución dun suposto práctico proposto polo tribunal (redactar un documento con emprego de tratamento de textos Microsoft Word ou Libre Office a elección do Tribunal). O tempo para a realización deste exercicio será de trinta minutos.

O Tribunal determinara o nivel esixido para acadar a puntuación mínima, así como os criterios de valoración. Valorarase a velocidade desenvolvida, a limpeza e exactitude da tarefa e a corrección que a mesma presente con respecto ao modelo entregado (mecnografía do texto e manexo do procesador de textos)

Os exercicios obrigatorios e eliminatorios cualificaranse de apto ou non apto, e deberá acadarse unha puntuación mínima de 5 para a súa superación. Os exercicios que obteñan a cualificación de apto serán puntuados de 5 a 10 puntos.

B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Acreditarase o coñecemento da lingua galega de acordo co establecido no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia. Realizarase unha proba de coñecemento da lingua galega que fixará o órgano de selección atendendo á categoría e ás funcións da praza. Este exercicio puntuarase como apto ou non apto.

Estarán exentos da realización deste exercicio aquelas persoas aspirantes que acheguen, no prazo regulamentario de presentación de solicitudes, o título CELGA 3 ou equivalente debidamente homologado, correspondente ao nivel de estudos esixidos para participar nas probas selectivas, segundo a Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014.

A cualificación final de cada aspirante será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

NOVENA. RELACIÓN DE CANDIDATOS QUE SUPERAN O PROCESO SELECTIVO

Concluídas as probas selectivas o Tribunal cualificador formulará proposta do listado dos/as aspirantes que superaron o procedemento selectivo por orde decrecente das puntuacións acadadas. O primeiro deles será proposto para o seu nomeamento como funcionario interino e cos restantes se elaborará unha listaxe de reserva que se empregará coa finalidade de nomear como funcionario interino prazas nos casos de rexeitamentos, vacacións, baixas e outras vacantes temporais de natureza similar.

A acta do Tribunal publicarase no taboleiro de anuncios e páxina web do Concello, na que aparecerá o listado coas puntuacións, por orde decrecente, acadadas por cada un/unha dos/das aspirantes no procedemento de selección. Os/As interesados/as disporán dun prazo de dous días hábiles, contados dende o seguinte a esta publicación, para presentar as alegacións, que estimen oportunas, no Rexistro Xeral do Concello. Rematado o prazo indicado no parágrafo anterior, resolveranse as alegacións existentes, e ditarase resolución definitiva da Alcaldía na que se aprobará esa lista. Esta resolución será publicada no taboleiro de anuncios e páxina web do Concello e substituirá ás notificacións individuais ós/ás interesados/as, conforme ao disposto no art. 45 da Lei 39/2015.

O aspirante proposto deberá presentar no prazo de 5 días naturais a documentación seguinte:

- a.- Presentar fotocopia e orixinal para a súa compulsa, do documento acreditativo da titulación esixida para o acceso á praza.
- b.- Fotocopia e orixinal para a súa compulsa do Documento Nacional de Identidade.
- c.- Informe médico oficial no que conste que non se padece enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ó posto de traballo ó que se opta.
- d.- Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración Pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme
- e.- Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente
- f.- Declaración xurada de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobre a materia.

Ademáis, deberá facilitar unha copia da tarxeta da seguridade social e certificado de nº de conta bancaria (IBAN).

Pasado ese prazo de 5 días naturais, sen que o/a aspirante comparecese, entenderase decaído/a en todos os seus dereitos, procedéndose ó nomeamento do/a seguinte aspirante conforme ao proceso descrito e sen prexuízo da responsabilidade en que incorrera aquel por falsidade na solicitude de participación.

DÉCIMA.- FUNCIONAMENTO DA LISTAXE RESERVA.

Esta lista terá vixencia ata a creación dunha nova quedando derogadas as anteriores.

A bolsa constituirase cos aspirantes que non superaron o proceso selectivo tendo en conta que para estar incluído nesta lista hai que, polo menos, ter superado o primeiro exercicio e así confeccionarase esta lista para a cobertura de interinidades.

As comunicacións de comparecer a ocupar un posto realizaranse telefonicamente, o que quedará acreditado no expediente a través da oportuna dilixencia asinada polo empregado público que as leve a cabo. Se no momento de ser chamado un/ha candidato/a renunciara, dita renuncia pode considerarse por “causa xustificada” ou “non xustificada”.

Considéranse como causas xustificadas á renuncia a ocupar un posto de traballo, o que o suporá non perder o seu lugar na lista, as seguintes:

- A incapacidade temporal por enfermidade ou accidente (acreditado mediante certificado médico)
- O de ter suscrito outro contrato de traballo/nomeamento como funcionario (acreditado mediante dito contrato de traballo/nomeamento ou declaración xurada do interesado/a).

O/a candidato/a terá un prazo de 2 días hábiles para achegar a devandita documentación acreditativa destas causas, dende o chamamento realizado.

Se polo contrario ao ser chamado/a renuncia ao posto sen causa xustificada, ou sen acreditar a mesma, a primeira vez que renuncie pasará a ocupa-lo último posto da lista, e á segunda será excluído da mesma por Decreto da Alcaldía.

Logo da chamada telefónica a que se fai referencia na base anterior, o/a aspirante presentará no Rexistro do Concello, no prazo de 3 días hábiles contados a partir do día seguinte en que se produza a mesma, os documentos seguintes:

- a.- Presentar fotocopia e orixinal para a súa compulsa, do documento acreditativo da titulación esixida para o acceso á praza.
- b.- Fotocopia e orixinal para a súa compulsa do Documento Nacional de Identidade.
- c.- Informe médico oficial no que conste que non se padece enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ó posto de traballo ó que se opta.
- d.- Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración Pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme
- e.- Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente
- f.- Declaración xurada de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobre a materia.

Ademáis, deberá facilitar unha copia da tarxeta da seguridade social e certificado de nº de conta bancaria (IBAN).

Ademáis, deberá facilitar unha copia da cartilla de seguridade social e certificado de nº de conta bancaria (IBAN). Unha vez presentada esa documentación en prazo será ditada Resolución da Alcaldía acordando o seu nomeamento como funcionario interino. Pasado ese prazo de tres días hábiles, sen que o/a aspirante comparecese, entenderase decaído/a en todos os seus dereitos, procedéndose ó nomeamento do/a seguinte aspirante conforme ao proceso descrito.

UNDÉCIMA. NOMEAMENTO E TOMA DE POSESIÓN

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos interesados, o Sr. Alcalde efectuará o nomeamento, a favor do candidato proposto, como funcionario interino dentro do prazo 5 días naturais e ata a data do mesmo, o aspirante non terá dereito a percepción económica algunha.

O nomeamento deberá ser notificado os interesados, os cales deberán tomar posesión dentro do prazo máximo 5 días naturais contado desde o día da data de notificación.

O nomeamento do candidato, que será publicado no BOP e na sede electrónica do concello, será susceptible de recurso de reposición perante o Sr. Alcalde no prazo de un mes a contar dende o día da publicación do nomeamento, ou ben de recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a contar dende o día da publicación do nomeamento.

No acto de toma de posesión, o funcionario nomeado deberá presentar xuramento ou promesa de non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade conforme ao disposto pola Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e prestar xuramento ou promesa dacordo co que determina o Real Decreto 707/1979, do 5 de abril. No caso de que o aspirante non tomase posesión, salvo caso de forza maior, perderá todos os dereitos derivados da participación no procedemento selectivo.

DUODÉCIMA. IMPUGNACIÓN.

Contra as presentes bases, sendo que o seu acordo aprobatorio é definitivo en via administrativa, poderase interpoñer polos interesados lexitimados os seguintes recursos:

- Con carácter potestativo recuso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto recurrido en prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP. Se transcorrera un mes dende o día seguinte ó da interposición do recurso de reposición sen que este fora resolto, poderán entenderse que foi desestimado e interpor recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de seis meses.
- Recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso administrativo de Lugo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP.

Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do Tribunal, poderán ser interpostos polos interesados os oportunos recursos nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015, de 1 de outono, e na Lei 29/98, de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa

ANEXO I - MODELO DE SOLICITUDE.

Don/Dona co D.N.I. núm.
e con enderezo a efecto de notificacións en
.....teléfono.....,
e dirección de correo electrónico
enterado da convocatoria para o acceso como funcionario interino á praza de auxiliar administrativo,
mediante oposición libre, publicada no BOP núm. de data.....,

DECLARA:

- 1º.-Que coñece o contido das bases reguladoras desta convocatoria.
- 2º.-Que na data de remate do prazo de presentación de solicitudes cumpre todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases.
- 3º.- Que se compromete, caso de ser seleccionado, a aportar a documentación esixida nas bases unha vez rematado o procedemento de selección.
- 4º.- Que queda enterado da lexitimación do Concello de Becerreá para o tratamento e publicación dos seus datos persoais (nome, apelidos e DNI) e das posibles causas de exclusión, no BOP de Lugo, e no seu caso, na páxina súa web, taboleiro de anuncios do concello e da sede electrónica, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.
- 5º.- Que declara baixo xuramento ou promete, que non foi separado do servizo de calquera das Administracións Públicas nin se atopa inhabilitado ou en situación equivalente nin foi sancionado por infracción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

Xunto coa presente solicitude, acompaño: (marcar o que proceda)

- Fotocopia do DNI
- Fotocopia da documentación acreditativa de estar en posesión do CELGA 3.

En vista do que SOLICITA:

Que se admita a presente solicitude, xunto coa documentación adxunta, para concorrer ao procedemento selectivo convocado.

NOTA: No suposto de que o candidato/a que solicite participar no proceso selectivo teña algunha discapacidade, que non inhabiliten aos candidatos/as para o exercicio das funcións descritas nestas bases e que por motivo da mesma precise ou necesite para a realización das probas, algunha medida especial, deberá indicalo en documento aparte que adxuntará á solicitude, debendo necesariamente aportar certificado do grado e tipo de discapacidade, para que o tribunal poida adoptar as medidas necesarias, con carácter previo á realización da proba e demais documentación esixida nas bases.

AUTORIZO expresamente ao Concello de Becerreá que inclúa os meus datos nun ficheiro autormático para fin exclusivo do proceso selectivo no que solicito participar.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS	
Responsable do tratamento	CONCELLO DE BECERREÁ
Finalidade do tratamento	A tramitación administrativa que se derive da xestión desta solicitude, así como a actualización da información e contidos dos expedientes persoais.
Lexitimación para o tratamento	Cumprimento dunha obrigaón legal aplicable ao responsable do tratamento.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas podan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica do Concello de Becerreá ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	- Contacto DPD: dpdcooperaciónconcellos@deputacion.org
Actualización normativa	No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

En Becerreáde.....de 202...

SR. ALCALDE DO CONCELLO DO BECERREÁ

ANEXO II - TEMARIO

MATERIAS COMÚNS

TEMA 1.- A Constitución española de 1978: dereitos fundamentais e liberdades públicas. A Coroa. As Cortes Xerais. O Goberno.

TEMA 2.- A Comunidade Autónoma Galega: o Parlamento de Galicia. Administración autonómica de Galicia. Organización e estrutura básica.

TEMA 3.- O réxime local español: principios constitucionais. As entidades locais. O municipio. Poboación e termo municipal. Organización e competencias. Servizos municipais.

TEMA 4.- O procedemento administrativo común: principios. Estrutura. Fases do procedemento administrativo. A revisión dos actos administrativos: os recursos.

MATERIAS ESPECÍFICAS

Tema 1.- A organización municipal: municipios de réxime común.

Tema 2.- O Alcalde. Competencias. Forma de elección e cesamento.

Tema 3.- Os tenentes de Alcalde. A Xunta de Goberno Local: composición e atribucións.

Tema 4.- O Pleno. Composición e competencias. As comisións informativas.

Tema 5.- Réxime de sesións e acordos dos órganos colexiados locais.

Tema 6.- A potestade regulamentaria das entidades locais. Ordenanzas, regulamentos e bandos.

Tema 7.- O persoal ao servizo da Administración local: funcionarias/os propias/os das entidades locais. Integración en escalas, subescalas e clases. Dereitos e deberes.

Tema 8.- Os bens das entidades locais: a súa clasificación. Réxime xurídico dos bens das entidades locais.

Tema 9.- O acto administrativo: concepto e clases. Elementos.

Tema 10.- Eficacia dos actos administrativos. Notificación e publicación. Nulidade e anulabilidade.

Tema 11.- Finalización do procedemento administrativo: a obriga de resolver. O silencio administrativo.

Tema 12.- Os orzamentos das corporacións locais: elaboración, aprobación e execución.

Tema 13.- As facendas locais: recursos das facendas locais. Especial referencia a impostos, taxas e contribucións especiais.

Tema 14.- Os contratos das administracións públicas: delimitación dos tipos contractuais. Normas xerais da preparación dos contratos polas administracións públicas. A adxudicación dos contratos das administracións públicas.

Tema 15.- O rexistro de documentos: concepto. O rexistro de entrada e saída: o seu funcionamento nas corporacións locais. Presentación de instancias e outros documentos.

Tema 16.- Dereitos e deberes das e dos veciños no ámbito local: información e participación cidadá. Exercicio de accións en beneficio do Concello.

Becerreá, 12 de xaneiro de 2024.- Alcalde Presidente, Don Manuel Martínez Núñez.

R. 0091

BEGONTE

Anuncio

Elevado a definitivo o acordo provisional do Pleno desta Corporación, de data 17 de novembro de 2023, de modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial por empresas explotadoras de servizos de sumministración de interese xeral, en cumprimento do disposto no art. 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público o texto íntegro da dita modificación:

ORDENANZA FISCAL MUNICIPAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU O APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL (SOLO, SUBSOLO OU VÓO) POR EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE INTERESE XERAL

ARTIGO 1. - Fundamento e natureza

No uso das facultades outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 27 e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por uso privativo ou aproveitamento especial constituído no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais a favor das empresas explotadoras de servizos de subministración que sexan de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, que se rexerán pola presente ordenanza fiscal.

ARTIGO 2. - Feito imponible.

Constitúe o feito imponible desta taxa a utilización privativa ou os aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza.

ARTIGO 3.- Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as empresas explotadoras de servizos de subministración que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, tanto se son titulares das redes a través das cales se efectúan as subministracións como se, non sendo titulares de ditas redes, o son de dereitos de acceso ou interconexión a estas. A estes efectos, inclúense entre as empresas explotadoras de ditos servizos as empresas distribuidoras e comercializadoras dos mesmos.

ARTIGO 4.- Sucesores e responsables tributarios.

Son sucesores da débeda tributaria pendente e responsables solidarios ou subsidiarios xunto aos debedores principais, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 40, 42 e 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, nos termos establecidos nos mesmos.

ARTIGO 5.- Cota tributaria.

O importe da taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local a que se refire esta ordenanza consistirá no 1,5 por cento dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente no termo municipal de Begonte as empresas explotadoras de servizos de subministración que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade o a unha parte importante da veciñanza.

Non se incluírán neste réxime especial de cuantificación da taxa os servizos de telefonía móbil.

Entenderase por ingresos brutos procedentes da facturación os obtidos como contraprestación polos servizos de subministración prestados neste termo municipal, con exclusión dos impostos indirectos que graven os servizos prestados, as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio do suxeito pasivo e as cantidades percibidas por aqueles servizos de subministración que vaian a ser utilizados naquelas instalacións que se atopen inscritas na sección 1ª ó 2ª del Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica do Ministerio de Economía, como materia prima necesaria para a xeración de enerxía susceptible de tributación por este réxime.

As empresas que empreguen redes alleas para efectuar as subministracións deducirán dos seus ingresos brutos de facturación as cantidades satisfeitas a outras empresas en concepto de acceso o interconexión ás súas redes. As empresas titulares de tales redes deberán computar as cantidades percibidas por tal concepto entre os seus ingresos brutos de facturación.

O importe desta taxa non poderá ser repercutido aos usuarios dos servizos de subministración a que se refire esta ordenanza.

A cota tributaria que puidera corresponderlle a Telefónica de España S.A., estará englobada na compensación en metálico de periodicidade anual a que se refire o apartado 1 do artigo 4º de la Lei 15/1987, de 30 de xullo, de tributación da Compañía Telefónica Nacional de España.

Esta taxa é compatible con outras taxas que poidan establecerse pola prestación de servizos ou a realización de actividades de competencia local das que as mencionadas empresas explotadoras de servizos de subministracións deban ser suxeitos pasivos conforme ó establecido no artigo 23.1.b) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Queda excluída polo pagamento desta taxa a exacción doutras taxas derivadas da utilización privativa ou o aproveitamento especial constituídos no solo, subsolo ou voo do dominio público local.

ARTIGO 6.- Devengo.

A taxa regulada nesta ordenanza ten natureza periódica e se devengará o 1 de xaneiro de cada ano. O período impositivo coincidirá có ano natural, agás nos supostos de inicio ou cesamento no uso privativo ou o aproveitamento especial do dominio público local, en cuxo caso o período impositivo axustarase a estas circunstancias co conseguinte rateo da cota por trimestres naturais completos incluído aquel no que teña lugar o mencionado inicio ou cesamento.

A obriga de pagamento da taxa regulada nesta ordenanza nacerá no momento de solicitar a licenza ou autorización correspondente. Naqueles supostos nos que o uso privativo ou aproveitamento especial regulado nesta ordenanza non requira licenza ou autorización, a obriga de pagamento nacerá dende o inicio de dito uso privativo ou aproveitamento especial, entendéndose que este ten lugar no momento no que se inicia a prestación do servizo de subministración de que se trate.

ARTIGO 7.- Xestión.

A taxa establecida pola presente ordenanza esíxese en réxime de autoliquidación que terá periodicidade trimestral e comprenderá a totalidade dos ingresos brutos procedentes da facturación obtidos no termo municipal de Begonte no trimestre natural ao que se refira a mesma.

Presentarase ao Concello de Begonte ao longo do mes seguinte a cada trimestre natural (xaneiro, abril, xullo e outubro), a través da Sede Electrónica municipal, unha autoliquidación por cada tipo de subministración efectuado no municipio segundo o modelo oficial aprobado ao efecto, no que faranse constar os conceptos que se indican a continuación:

- Importe dos ingresos brutos procedentes da facturación a consumidores finais obtidos como contraprestación polos servizos de subministración prestados no municipio ou procedentes da facturación a terceiros en concepto de acceso ou interconexión a redes propias.
- Importe a deducir das cantidades aboadas a outras empresas por dereitos de acceso ou interconexión a redes alleas.

A alta ou cesamento na prestación dun tipo de subministración de interese xeral comporta a obriga de facer constar esta circunstancia na autoliquidación do trimestre correspondente no que dita alta ou cesamento teña lugar.

Achegarase ao modelo de autoliquidación relación individualizada dos rexistros de facturación emitida no termo municipal que garanta a veracidade da información e na que constarán ao menos os seguintes conceptos:

- Data da factura
- Nome do cliente
- NIF do cliente
- Código da factura
- Código Universal do Punto de Subministración (CUPS) e/ou Número de Identificación da Subministración (NIS).
- Importes que conforman a factura

Presentada a autoliquidación trimestral correspondente, expedirase un documento de pagamento para o interesado que lle permitirá satisfacer a cota tributaria en calquera dos lugares que se indiquen no mesmo, debendo efectuarse o pagamento dentro do mes seguinte ao trimestre obxecto de declaración.

A presentación dunha auto liquidación fora do prazo establecido neste artigo, sen que medie requirimento previo desta Administración, comportará a esixencia das recargas de extemporaneidade e, no seu caso, dos xuros de mora que correspondan, segundo o previsto no artigo 27 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A falta de ingreso en prazo da débeda tributaria a ingresar mediante auto liquidación presentada determinará o inicio do período executivo conforme ao disposto no artigo 161.1.b) da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e comportará a esixencia dos xuros de mora e recargas que correspondan segundo o disposto nos artigos 26 e 28 do devandito texto legal.

A falta de ingreso en prazo da totalidade ou parte da débeda tributaria que debera resultar da correcta auto liquidación desta taxa será constitutiva da infracción tributaria tipificada no artigo 191 de la citada Lei Xeral Tributaria, que se cualificará e sancionará segundo o disposto no mencionado precepto, e comportará a esixencia dos xuros de mora que correspondan de conformidade có previsto no artigo 26 da citada Lei.

DISPOSICIÓN FINAL.-

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e manterase vixente mentres non se ordene a súa modificación ou derogación expresa.

Begonte, 12 de xaneiro de 2024.- O Alcalde-Presidente, José Ulla Rocha.

R. 0092

BURELA

Anuncio

En cumprimento das previsións dos artigos 73 e 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LBRL, publícase o acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión celebrada den data 29 de xuño de 2023, que di:

Primeiro.- A aprobación das seguintes asignacións aos grupos políticos municipais desta Corporación:

Cada un dos grupos municipais percibirá as seguintes cantidades:

Unha cantidade fixa: 1.000 euros anuais.

Unha cantidade variable: 200 euros anuais por concelleiro.

Realizaranse abonos a conta con carácter trimestral das anteriores contías.

Segundo.- A aprobación das seguintes asistencias aos concelleiros da Corporación pola concorrencia ás sesións de órganos colexiados dos que formen parte:

Por asistencia a cada Pleno: 150,00 euros

Por asistencia a cada Xunta de Goberno Local: 150,00 euros

Por asistencia a cada Comisión Informativa: 50,00 euros

Por asistencia á Comisión Especial de Contas: 50,00 euros

Estas indemnizacións por asistencia serán obxecto dunha liquidación trimestral.

Estas asistencias non se percibirán polos membros da Corporación que conten con dedicación exclusiva ou parcial.

Non se percibirán asistencias por reunións de voceiros nin por asistir a grupos de traballo.

Terceiro.- O presente acordo será publicado no Boletín Oficial da Provincia.

O que asino en Burela, 11 de xaneiro de 2024.- A ALCALDESA, María del Carmen López Moreno.

R.0093

Anuncio

En cumprimento das previsións do artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LBRL, publícase o acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión celebrada den data 29 de xuño de 2023, que di:

Primeiro.- Establecer que o cargo de Alcaldía se poderá desempeñar en réxime de dedicación exclusiva.

Segundo.- Establecer, en atención á súa responsabilidade, a favor do cargo da Alcaldía, as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensuralidades do ano e as dúas restantes correspondentes ás mensuralidades extras de xuño e decembro, procedendo, unha vez aceptadas, no seu caso, ditas retribucións polo Alcaldesa, á alta na Seguridade Social ou réxime correspondente, asumindo a Corporación as cotas empresariais que correspondan, de acordo coas retribucións que se acorden..

A percepción destas retribucións será incompatible coa de outras retribucións con cargo aos orzamentos das Administracións Públicas e dos entes, organismos ou empresas delas dependentes, así como para o desenvolvemento doutras actividades, nos termos da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

CARGO

RETRIBUCIÓNS ANUAIS BRUTAS

Alcaldesa-Presidenta

40.000,00 euros

A percepción destas retribucións será incompatible coa de outras retribucións con cargo aos orzamentos das Administracións Públicas e dos entes, organismos ou empresas delas dependentes, así como para o desenvolvemento

doutras actividades, nos termos da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas. Os membros das Corporacións Locais quedan en situación de servizos especiais cando sexan funcionarios de carreira doutras Administracións Públicas e desempeñen na Corporación para a que foron elixidos un cargo retribuído e de dedicación exclusiva.

Terceiro.- O presente acordo será publicado no Boletín Oficial da Provincia e notificado ao membro da Corporación que ocupe o cargo para o que se establece o seu desempeño en réxime de dedicación exclusiva, ós efectos da manifestación, no seu caso, da aceptación expresa de dito réxime de dedicación exclusiva. No suposto de aceptación expresa, a mesma deberá comunicarse ó Pleno da Corporación na seguinte sesión.

O que asino en Burela, 11 de xaneiro de 2024.- A ALCALDESA, María del Carmen López Moreno.

R. 0094

Anuncio

En cumprimento das previsións do artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LBRL, publícase o acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión celebrada en data 29 de xuño de 2023, que di:

Primeiro.- Establecer que o cargo de 1º TENENCIA DE ALCALDÍA A CARGO DA CONCELLERÍA DELEGADA DAS ÁREAS DE XUSTIZA SOCIAL, MOCIDADE E EDUCACIÓN se poderá desempeñar en réxime de dedicación exclusiva.

Segundo.- Establecer, en atención á súa responsabilidade, a favor do cargo da 1ª Tenencia de Alcaldía e concellaría delegada das áreas de Xustiza Social, Mocidade e Educación, as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes ás mensualidades extras de xuño e decembro, procedendo, unha vez aceptadas, no seu caso, ditas retribucións polo 1º Tenente de Alcaldesa e Concelleiro-Delegado das áreas de Xustiza Social, Mocidade e Educación, á alta na Seguridade Social ou réxime correspondente, asumindo a Corporación as cuotas empresariais que correspondan, de acordo coas retribucións que se acorden.

A percepción destas retribucións será incompatible coa de outras retribucións con cargo aos orzamentos das Administracións Públicas e dos entes, organismos ou empresas delas dependentes, así como para o desenvolvemento doutras actividades, nos termos da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

CARGO

RETRIBUCIÓN ANUAIS BRUTAS

1º Tenencia de Alcaldía a cargo da Concellaría Delegada das áreas de Xustiza Social, Mocidade e Educación

20.000,00 euros

A percepción destas retribucións será incompatible coa de outras retribucións con cargo aos orzamentos das Administracións Públicas e dos entes, organismos ou empresas delas dependentes, así como para o desenvolvemento doutras actividades, nos termos da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas. Os membros das Corporacións Locais quedan en situación de servizos especiais cando sexan funcionarios de carreira doutras Administracións Públicas e desempeñen na Corporación para a que foron elixidos un cargo retribuído e de dedicación exclusiva.

Terceiro.- O presente acordo será publicado no Boletín Oficial da Provincia e notificado ao membro da Corporación que ocupe o cargo para o que se establece o seu desempeño en réxime de dedicación exclusiva, ós efectos da manifestación, no seu caso, da aceptación expresa de dito réxime de dedicación exclusiva. No suposto de aceptación expresa, a mesma deberá comunicarse ó Pleno da Corporación na seguinte sesión.

O que asino en Burela, 11 de xaneiro de 2024.- A ALCALDESA, María del Carmen López Moreno.

R. 0095

Anuncio

En cumprimento das previsións do artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LBRL, publícase o acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión celebrada den data 29 de xaneiro de 2023, que di:

Primeiro.- Establecer que o cargo da 2º TENENCIA DE ALCALDÍA E CONCELLARÍA DELEGADA DAS ÁREAS DE OBRAS E BENESTAR COMUNITARIO, TURISMO E MAR poderá desempeñarse en réxime de dedicación parcial, coas seguintes características:

- *Dedicación parcial do 25% da xornada laboral (dedicación mínima necesaria para a percepción destas retribucións).*

Segundo.- Establecer, en atención ao grado de responsabilidade, a favor deste cargo, as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes ás mensualidades extras de xuño e decembro, procedendo, unha vez aceptadas, no seu caso, ditas retribucións polo concelleiro/a delegado, á alta na Seguridade Social ou réxime correspondente, asumindo a Corporación as cotas empresariais que correspondan, de acordo coas retribucións que se acorden..

CARGO	RETRIBUCIÓNS ANUAIS BRUTAS
2º Tenencia de Alcaldía e Concellaría delegada das áreas de Obras e Benestar Comunitario, Turismo e Mar	12.000,00euros

Para as dedicacións parciais deberá terse en conta a disposición prevista no artigo 75.2 LBRL, en consonancia coa previsión do artigo 5 da Lei 53/1984, de 26 de decembro.

Terceiro.- O presente acordo será publicado no Boletín Oficial da Provincia e notificado ao membro da Corporación que ocupe o cargo para o que se establece o seu desempeño en réxime de dedicación parcial, ós efectos da manifestación, no seu caso, da aceptación expresa de dito réxime de dedicación parcial. No suposto de aceptación expresa, a mesma deberá comunicarse ó Pleno da Corporación na seguinte sesión.

O que asino en Burela, 11 de xaneiro de 2024.- A ALCALDESA, María del Carmen López Moreno.

R. 0096

Anuncio

En cumprimento das previsións dos artigos 46 e 52 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF), publícase a Resolución dictada pola Alcaldía en data 21 de xuño de 2023, que literalmente di:

PRIMEIRO. Nomear como membros da Xunta de Goberno Local ás seguintes persoas concelleiras:

-D. Mario Pillado Mon

-D. Ramiro Fernández Rey

-Dna. Lina Gómez Pardo

-Dna. Patricia Eijo Palmeiro

Deste xeito, a Xunta de Goberno Local, que estará presidida pola Alcaldesa, queda integrada polas catro persoas concelleiras anteriormente referidas.

SEGUNDO. Fixar a celebración de sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local o segundo e cuarto martes de cada mes. No suposto de que a data fixada para as sesións ordinarias sexa festivo celebrarase o primeiro día hábil. A Xunta de Goberno Local celebrará sesión constitutiva, a convocatoria da Alcaldesa-Presidenta, dentro dos dez días hábiles seguintes a aquel no que se designase aos membros da mesma, de conformidade co disposto no artigo 112.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

TERCEIRO. Nomear como Tenentes de Alcaldesa aos seguintes concelleiros:

1º Tenente de Alcaldesa: D. Mario Pillado Mon

2º Tenente de Alcaldesa: D. Ramiro Fernández Rey

CUARTO. Os presentes acordos surtirán efectos desde o día seguinte á data desta Resolución, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo consonte ao establecido nos artigos 44, 46 e 52 do ROF.

QUINTO. A presente Resolución será notificada persoalmente ás persoas concelleiras nomeadas como Tenentes de Alcaldesa e membros da Xunta de Goberno Local.

SEXTO. Desta Resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre (Pleno de Organización).

O que asino en Burela, 11 de xaneiro de 2024.- A ALCALDESA, María del Carmen López Moreno.

R. 0097

Anuncio

En cumprimento das previsións dos artigos 44 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF), publícase a Resolución dictada pola Alcaldía en data 22 de xuño de 2023, que literalmente di:

PRIMEIRO. *Outorgar ós seguintes concelleiros, que a continuación se relacionan as seguintes delegacións xenéricas:*

1.-Designase a Mario Pillado Mon -membro da Xunta de Goberno Local- concelleiro delegado das seguintes Áreas:

-Área de Xustiza Social

-Área de Mocidade

-Área de Educación

En particular, sen prexuízo do disposto nesta resolución para as delegacións especiais, as seguintes materias:

-Mocidade

-Inmigración e Cooperación

-Educación, Escola de Música e Aula Cemit

-Centro de Drogodependencias

2.- Designase a Ramiro Fernández Rey -membro da Xunta de Goberno Local- concelleiro delegado das seguintes Áreas:

-Área de Obras e Benestar Comunitario

-Área de Turismo

-Área de Mar

E en particular, sen prexuízo do disposto nesta resolución para as delegacións especiais, as seguintes materias:

-Obras municipais

-Servizos municipais (Sumidoiros, abastecemento de auga, recollida de residuos, limpeza viaria, cemiterio e alumado público)

-Turismo

-Mar

-Escolas Infantís

3.- Designase a Lina Gómez Pardo -membro da Xunta de Goberno Local- concelleira delegada das seguintes áreas:

-Área de Cultura

-Área de Comercio de proximidade

En particular, sen prexuízo do disposto nesta resolución para as delegacións especiais, as seguintes materias:

-Cultura

-Patrimonio e programación cultural

-Cultura medioambiental e ecolóxica

-Impulso do comercio local e do seu asociacionismo

4.- Designase a Patricia Eijo Palmeiro -membro da Xunta de Goberno Local- concelleira delegada das seguintes áreas:

-Economía e Facenda

-Festas e festexos

En particular, sen prexuízo do disposto nesta resolución para as delegacións especiais, as seguintes materias:

-Seguimento da planificación orzamentaria e das súas modificacións

-Seguimento e control da recadación municipal

-Festas e festexos

As delegacións xenéricas referidas conlevan, ademais da inspección, dirección, impulsión e xestión en xeral dos correspondentes servizos, a sinatura de cantos documentos sexan necesarios para a tramitación de un expediente no ámbito da correspondente delegación, agás a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

SEGUNDO. Conferir as seguintes delegacións especiais para un determinado servizo, nos seguintes términos:

-Desígnase a Alejandra Fernández Cillero a delegación especial para a dirección e xestión dos servizos vinculados a Igualdade e Servizos Sociais

-Desígnase a Carlos Méndez Pena a delegación especial para a dirección e xestión de Deportes e Sanidade.

Estas delegacións especiais abranguen a dirección interna e a xestión en xeral dos servizos correspondentes, non incluíndo a facultade de emitir actos administrativos que afecten a terceiros

TERCEIRO. As delegacións conferidas no presente decreto enténdense sen prexuízo das que a lexislación lle atribúe á Alcaldía como competencias indelegábeis, así como das delegadas pola Alcaldesa na Xunta de Goberno Local.

CUARTO. Os presentes acordos surtirán efectos desde o día seguinte á data desta Resolución, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo consonte ao establecido nos artigos 44, 46 e 52 do ROF.

QUINTO. A presente Resolución será notificada persoalmente ás persoas concelleiras nomeadas á que se lle otorgan delegacións.

SEXTO. Desta Resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre (Pleno de Organización).

O que asino en Burela, 11 de xaneiro de 2024.- A ALCALDESA, María del Carmen López Moreno.

R. 0098

Anuncio

En cumprimento das previsións do artigo 44 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), publícase a resolución ditada pola Alcaldía en data 26 de xuño de 2023, co seguinte contido dispositivo:

Primeiro.- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións:

A) EN MATERIA DE URBANISMO E LICENCIAS:

1.- A resolución sobre a aprobación ou non, dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ó Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

2.- As resolucións relativas aos expedientes urbanísticos de licencias parcelación, edificación, demolición e demais actos de uso de solo e subsolo, incluídas as licencias de primeira ocupación das edificacións de acordo co previsto na Lei do Solo de Galicia.

3.- A resolución dos expedientes suxeitos á licenza municipal de acordo co previsto na Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

4.- A aprobación urbanística de memorias, dos proxectos de obras, e demais necesarios para a execución das obras municipais, agás plans de seguridade e saúde e programas de traballo, cando sexa competente para a súa contratación ou concesión o Alcalde e estean previstas no orzamento municipal.

5.- A resolución dos expedientes relativos a concesión das seguintes licencias ou autorizacións de ocupación do dominio público: vados e terrazas.

B) EN MATERIA CONTRACTUAL E PATRIMONIAL:

- As competencias atribuídas á Alcaldía pola normativa en materia contractual (DA 2ª LCSP) respecto dos contratos de obras, de suministro, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado supere o 5% e non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a cuantía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a cuantía sinalada.
- Adxudicación de concesións sobre bens municipais e a adquisición de bens e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial, cando o seu valor supere o 5% e non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin

o importe de tres millóns de euros, así como a enaxenación do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a cuantía indicadas.

C) EN MATERIA ECONÓMICO FINANCIERA:

1.- Aprobación de bases específicas reguladoras de concesión de subvencións en réxime de concorrencia e dos convenios de colaboración no caso de subvencións nominativas, a concesión de subvencións e a aprobación das contas xustificativas presentadas.

2.- Autorización de pagamentos coa modalidade de “a xustificar” de conformidade coa normativa aplicable.

Aprobación, no seu caso, das contas xustificativas presentadas.

3.- Acordos relativos a cancelación de avais ou devolución de avais ou fianzas constituídas ou ingresadas a favor do Concello.

4.- Aprobación de padróns, matrículas e listas cobratorias de impostos municipais, taxas e prezos públicos.

5.- Aprobación de liquidacións definitivas de impostos municipais, taxas e prezos públicos que teñan a súa orixe en expedientes dos que a competencia corresponda á Xunta de Goberno Local.

6.- Concesións de aprazamento e fraccionamento para o pago das débedas tributarias

7.- Resolución de expedientes de devolución de ingresos.

E) EN MATERIA DE PERSOAL:

1.- Aprobar a oferta de emprego público de acordo co Orzamento.

F) NOUTRAS MATERIAS:

1.- Resolución dos expedientes de responsabilidade patrimonial incoados contra o concello.

As anteriores delegacións foron modificadas por Decreto de Alcaldía número 2024-0019 engadindo un punto número ao apartado B) EN MATERIA CONTRACTUAL E PATRIMONIAL co seguinte teor literal:

A aprobación dos negocios xurídicos, típicos ou atípicos, de explotación dos bens e dereitos patrimoniais cando sexan competencia da Alcaldía.

O que asino en Burela, 11 de xaneiro de 2024.- A ALCALDESA, María del Carmen López Moreno.

R. 0099

CERVANTES

Anuncio

Información pública

Aprobados por Resolución de alcaldía de data 28 de decembro de 2023, os padróns que a continuación se relacionan, expóñense ao público polo prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo:

- Taxa polo servizo de recollida domiciliaria do lixo (4º trimestre de 2023).
- Taxa polo servizo de subministro domiciliar de auga potable e canon da auga (4º trimestre de 2023).

Recursos: Contra o acordo da aprobación dos padróns se poderá interpor recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: un mes contado dende o día inmediato seguinte ao do término do período de exposición ao público dos padróns.

Órgano ante o que se recorre: Alcalde do concello de Cervantes.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, contados a partir do período de exposición pública. Finalizado o exercicio pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28

da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

A falta de pagamento do canon de auga no período voluntario suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ó público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Cervantes, 9 de xaneiro de 2024.- O alcalde, Benigno Gómez Tadín.

R. 0100

CERVO

Anuncio

Faise público que pola Xunta de Goberno Local de data 11 de xaneiro de 2024, aprobouse o expediente e prego de cláusulas regulador do concurso para a adxudicación do contrato de cesión de uso en réxime do arrendamento dos locais núm. 1 e núm. 2 (Cabalerizas) sito nun ben inmoble propiedade do Concello de Cervo incluído no "Conxunto Histórico- Artístico de Sargadelos", para destinalos a actividades comerciais relacionadas con sector artesanal, produtos ecolóxicos, sector turístico, de hostalería, educativo, terapéutico e outras actividades relativas ao sector terciario

1.- Entidade adxudicadora

- a) Organismo : Concello de Cervo.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría/Intervención.
- c) Domicilio: Praza do Concello s/n.
- d) Localidade e código postal: 27891 Cervo (Lugo).
- e) Teléfono: 982 557 777
- f) Fax : 982 557 729
- g) Dirección de Internet de transparencia: www.concellodecervo.com

2.- Obxecto do contrato

- a) Tipo: Contrato de cesión de uso en réxime de arrendamento.
- b) Descrición: contratos de cesión de uso en réxime de arrendamento dos locais núm. 1 e núm. 2, sitios nun ben inmoble propiedade do Concello de Cervo incluído no "Conxunto Histórico Artístico de Sargadelos", para destinalos a actividades comerciais relacionadas con sector artesanal, produtos ecolóxicos, sector turístico, de hostalería, educativo, terapéutico e outras actividades relativas ao sector terciario.
- c) Prazo de cesión de uso: Catro anos, con posibilidade dunha prórroga de un ano.
- d) NUTS: ES112.

3.- Tramitación e procedemento.

- a) Tramitación : ordinaria.
- b) Procedemento : aberto.
- c) Criterios de adxudicación:
 - 1.- Criterios avaliados automaticamente (80 puntos como máximo):
 - Prezo (20 puntos)
 - Creación de postos de traballo (10 puntos)
 - Días da semana que estean abertos ao público (20 puntos)
 - Programación anual de accións ou actuacións socioculturais que se pretendan executar para a promoción (30 puntos).
 - 2.-Criterios cuxa ponderación depende dun xuízo de valor (20 puntos como máximo):
 - -Carácter innovador do proxecto que se presenta (20 puntos como máximo).

4.- Canon anual a percibir polo Concello de Cervo como contraprestación pola cesión de uso en réxime de arrendamento do ben inmueble.

Nº de local	Identificación	Valor del bien	Canon anual en euros
1	L-1	32.778,81 €	1.966,73 €
2	L-2	32.889,80 €	1.973,40 €

Ao canon resultante da adxudicación da cesión de uso en réxime de arrendamento dos locais referidos, aplicaráselle o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) que corresponda.

En todo caso, na Cláusula 13ª do Prego de Cláusula, establécense os requisitos para a aplicación, no seu caso, de bonificacións ao canon.

5.- Garantías esixidas

a) Provisional : Non se esixe

b) Definitiva: Obriga de subscribir unha póliza de seguro de responsabilidade civil cunha cobertura mínima de cento cincuenta mil (150.000) euros que cubra aqueles danos ou prexuízos que se puideran ocasionar.

6.- Requisitos específicos do contratista

a) Clasificación : Non se esixe.

b) Solvencia económica, financeira, técnica e profesional: A esixida no prego de cláusulas administrativas.

c) Obrigas dos cesionarios adxudicatarios: As establecidas na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas.

7.- Presentación de ofertas

a) Prazo: Un mes contado dende o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cervo, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público .

<https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink:perfilContratante&idBp=hINfi%2Br%2B9%2B4BPRBxZ4nJ%2Fg%3D%3D>

b) Lugar de presentación:

1.- Dependencia: No Rexistro Xeral ou a través do portal de transparencia do Concello de Cervo. No caso de envío por correo, o licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da proposición mediante comunicación telegráfica, fax ou telefax o mesmo día da presentación.

2.- Domicilio: Praza do Concello s/n

3.- Localidade e código postal: 27891, Cervo (Lugo)

4.- Fax: 982 557 729

c) Modalidade de presentación: No Rexistro Xeral do Concello de Cervo.

8.- Gastos: Por conta do contratista adxudicatario.

Cervo, 12 de xaneiro de 2024.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 0101

LÁNCARA

Anuncio

Información pública

Por xunta de goberno local de 10 de xaneiro de 2024, aprobouse o padrón de suministro de auga e IVE s/seu consumo, recollida de lixo, sumidoiros, aluguer de contador e canon autonómico de auga correspondente ao 3º trimestre 2023.

O importe total do padrón ascende a 77.014,25 €, sendo o período voluntario de cobro dende o 10 de xaneiro de 2024 ó 11 de marzo de 2024, de conformidade co previsto nos arts. 12 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 62.3 da Lei Xeral Tributaria.

O que se expón ao público na Casa do Concello, durante o prazo de quince días hábiles, a contar dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que dictou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do prazo de exposición ó público do padrón. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Láncara, 11 de xaneiro de 2024.- O Alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 0102

OUROL

Anuncio

Con data nove de xaneiro de dous mil vinte e catro o Sr. Alcalde-Presidente asinou o Decreto nº 2024-0004, que literalmente di:

“DON JOSÉ LUIS PAJÓN CAMBA, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OUROL, PROVINCIA DE LUGO.

Visto que con data vinte e seis de decembro mediante Resolución nº 2023-0412, esta Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local o exercicio das seguintes atribucións da Alcaldía:

- O desenvolvemento da xestión económica de conformidade co orzamento aprobado, dispoñer gastos dentro dos límites da súa competencia, concertar operacións de crédito, con exclusión das contempladas no artigo 158.5 da Lei 39/1998, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, sempre que aquelas estean previstas no orzamento e o seu importe acumulado dentro de cada exercicio económico non supere o dez por cento dos seus recursos ordinarios, agás as de tesourería que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento non supere o quince por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, ordear pagamentos e rendir contas; todo iso de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Aprobar a oferta de emprego público de conformidade co orzamento e a plantilla aprobados polo Pleno.
- As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como os instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.
- Sancionar as faltas de desobediencia á súa autoridade ou por infracción das ordenanzas municipais, agás nos casos en que a devandita facultade estea atribuída a outros órganos.
- A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento.
- O outorgamento das licenzas, agás que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno ou á Xunta de Goberno Local.
- Ordear a publicación, execución e facer cumprir os acordos do Concello.
- A competencia como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministro, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.
- A adxudicación de concesións sobre os bens da Entidade Local e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o orzamento base de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1, non supere o dez por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millón de euros, así como a enaxenación do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.
- A potestade sancionadora en materia urbanística baseándose no artigo 222.1 da LOUG.

- As demais que expresamente lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ao concello e non o atribúan a outros órganos municipais.

Visto que a devandita delegación comprendía as facultades de resolver procedementos administrativos mediante a adopción de actos administrativos que afecten a terceiros.

Vista a necesidade dunha maior axilidade para o impulso e resolución dos asuntos municipais, é convinte avocar o exercicio das competencias delegadas e residenciais novamente na Alcaldía.

Por todo isto, en virtude do disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, 21.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de acordo cos artigos 43, 44, 45, 114 a 118 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, RESOLVO:

1º.- Avocar as competencias que foron delegadas na Xunta de Goberno Local en virtude da Resolución de Alcaldía, nº 2023-0412 de data vinte e seis de decembro, de conformidade co disposto nos artigos 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, 21.3 da Lei 7/1985, e 116 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

2º.- Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo sen prexuízo de que surta efectos dende o mesmo día da súa sinatura de conformidade co disposto no artigo 44.2 do Regulamento de organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

3º.- Dar conta da presente Resolución no primeiro Pleno ordinario que se celebre de conformidade co disposto no artigo 44.4 do Regulamento de organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O que mando e asino en Ourol na data da sinatura á marxe. O Alcalde-Presidente. A Secretaria-Interventora”
Ourol, 9 de xaneiro de 2024.- O Alcalde-Presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 0103

PORTOMARÍN

Anuncio

De conformidade co decreto de 11 de xaneiro faise pública a convocatoria para a selección de persoal laboral temporal para Creación dunha bolsa de emprego para a cobertura temporal de necesidades de prestación de servizos na categoría de operarios de servizos múltiples, mediante concurso-oposición.

A convocatoria e as bases aprobadas están colgadas na sede electrónica do Concello de Portomarin.

O prazo de presentación de solicitudes será de dez días hábiles contados a partir do seguinte á data de publicación.

Portomarin, 12 de xaneiro de 2024.- O Alcalde, Pablo Rivas Folgueira.

R. 0104

SARRIA

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO

PADRÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

EDICTO

De conformidade co establecido no artº 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notificase colectivamente a liquidación do prezo público correspondentes ó servizo de axuda no fogar do **MES DE DECEMBRO DE 2023**.

O expediente poderá ser consultado polos interesados nas dependencias de servizos sociais do Concello de Sarria, durante o prazo de 15 días a contar dende a publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de

exposición, ou calquer outro que se considere procedente. Todo iso, en virtude do establecido no artº 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co establecido no art º 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recaudación , aprobado por R.D. 939/2002, do 29 de xullo e artº 6 da ordenanza fiscal municipal comunicase como PRAZO, LUGAR E FORMA DE PAGO:

Nos primeiros vinte días do mes seguinte á prestación do SAF, na entidade bancaria que a persoa usuaria estableceu para o seu efecto.

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

Sarria, 9 de xaneiro de 2024.- O ALCALDE PRESIDENTE, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 0105
